

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Escusan asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.510/10 de don Juan Seoane Albela

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 75 mts de lonxitude, con base de pedra e enreixado de madeira, no lugar de Feal, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

Dáse conta asimismo da autorización do Servizo Provincial de Vías e Obras.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da técnica municipal, acuerda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será a que marca o Servizo de Vías e Obras e axustarse ás condicións da mesma; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas, debendo obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; de acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanísti-

ca e protección do medio rural de Galicia, a pedra a utilizar no peche será do país. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e seis euros con sesenta e sete (#46,67#)

2.2.- Instancia num. 1.635/10 de don José Manuel Iglesias Segade

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 26/04/2005 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en a Ferreira (licenza 73/05), e dado que remataron as obras e achegando a documentación preceptiva, de conformidade co disposto no artigo 10.8 do decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureira municipal, e que ascenderon á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.3.- Instancia num. 1.932/10 de dona Silvia Couto Rendo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; num. Plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto básico presentado redactado pola arquitecta dona Eva M^a. Martínez Abastida cun orzamento de 124.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, debendo antes do comezo das obras presentar no concello o proxecto de execución que non poderá incluír modificacións de uso ou das condicións nas que otorgou a licenza agás que estas sexan legalizables; oficios de dirección de obra do aparellador e do arquitecto e autorización da empresa subministradora de enerxía eléctrica.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co artigo 29 da lei 9/2002 deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva

autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Aceptar a cesión de viais 44,56 m²

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos oitenta (#2.480,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre do PEIM Rural 2010

Ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargos aos seus orzamentos as obras de infraestructuras rurais Programa Estratégico de Infraestructuras no Medio Rural (PEIM 2010), consistentes en Camiño en O Burgo (Vedra); camiño en Vilarpiñeiro (Trobe); camiño de San Xián a S. Pedro de Sarandón (S. Pedro); camiño O Pazo (S. Cristovo) e camiño en Recarei (S. Cristovo)

A Xunta de Goberno manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

1º.- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar as obras

2º.- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia

3º.- Asumir -unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma - a explotación, mantemento e conservación das mesmas

4º.- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto

5º.- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C.E) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

a) Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución

b) Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestructura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade productiva

Ademais o concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito concello

Antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, o Concello deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais



Dáse conta do escrito num. 1.747/10 no que don Manuel Sobredo Miranda, en representación de Manuel Sobredo, S.L, solicita a devolución dos avais constituídos para responder da execución das obras de *Ampliación de saneamento en Matelo e ampliación do saneamento e abastecemento en Laraño*, incluídas ámbalas dúas no PCC 2008-2011, anualidade 2009.

Dáse conta asimesmo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de novembro do ano que andamos, pola que se ordena a continuidade de don Iván García García para o periodo 2010-2011, subvencionado pola Deputación provincial a través do convenio de animadores culturais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de novembro do ano que andamos, pola que se acorda archivar o expediente para a incoación de multa coercitiva por mor das obras executadas por don Marcelino López Tato, ao ter sido estas modificadas, sendo polo tanto susceptibles de legalización.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de novembro do ano que andamos, pola que se acorda iniciar o procedemento de adxudicación para o alleamento do ben inmovible (parcela 785-b), por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa por un único criterio de adxudicación ao mellor prezo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

I. 5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de novembro do ano que andamos, pola que se acorda conceder o tratamento de fisioterapia a don Luís Neira Vázquez

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de novembro do ano que andamos, pola que se autoriza o corte de tráfico para a celebración da VI Carreira Popular de Vedra o día 21/11/2010.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaoito de novembro do ano que andamos, pola que se aproba a factura nun. 00340-10 de Construcciones Boqueixón, S.L por importe de 3.243,93 euros por obras incluídas na memoria de arranxo de pistas subvencionadas pola Consellería do Medio Rural (axudas a concellos incluídos na Rede Natura 2000).

A Xunta de Goberno dáse por enterada



5.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de novembro do ano que andamos, pola que se acorda comunicarlle a don Daniel Goldar Beiras e dona Gloria Soto Vilas, propietarios de parcela e edificación sita en Pazos - Santa Cruz de Ribadulla, en estado de abandono con cristais das fiestras rotas, invadida por maleza, ...etc, para que proceda manter a mesma en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo o establecido na lei 9/2002.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de novembro do ano que andamos, pola que se acorda comunicarlle a dona Rosalia Ferreiro Barreiro, para que proceda ó corte das ramas que sobresaen da súa parcela ocupando vías municipais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.9.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de novembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para recuperar a posesión do ben de titularidade municipal, consistente nun vial inscrito no Inventario Municipal de Bens co número 593, e comunicarlles a don José Alvela Fernández e dona M^a. Pilar Isolina Rey Álvarez para que no prazo de 10 días presente as alegacións que estime pertinentes.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.10.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de novembro do ano que andamos, pola que se acorda o remate dos contratos dos traballadores don Juan Horacio Gómez Souto e dona María Carmen Mougán Sobredo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

--Axuda Festival de Corais

A Xunta de Goberno acorda concederlle á Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla unha subvención por importe de trescentos (300,00) euros para os gastos de organización do Festival de Corais celebrada

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos

